

¡Tantos panos rameados,
tantas chambras de seda,
tantas cintas do pelo como teño!
¡Tantas huchas de roupa fina que non puxen!
¡Tantos almarios de holandas en folla!
¡Todo gardado con chaves!
¡Todo!
¡Os anceios da miña mocidade dentro do peito!
¡O meu corazón agrilloado! (Pausa.)

¡Non abondou con ser a súa muller!
¡Pasar noxos e fasquías á súa beira...!
¡Permitir que as súas mans tocasen a miña carne...!
¡Chorar por el cando se foi para sempre!
¡Non; aínda teño que ser a viuda dun vello! (Pausa.)
¡E así un ano cos ollos no chan, vestida de doorosa!
¡Enloitada por un home que nunca quixen! ;
Enloitada como os corvos do monte!
¡Como os corvos! (Pausa.) ———

¡Ai, quen me dera locir os meus panos bonitos!
¡Entrar nas romerías vestida de maio, coberta de frores!
¡Amostrar as miñas galas!
¡E ser solteira outra vez!
(Pausa.)

¡Ai, quen me dera falar co mozo que levo no corazón! (Pausa longa.)
¡Miralo tan siquera! (Pimpinela saca do seo o pano que o mozo lle regalara e fálalle con voz chorosa.)

¡Paniño cativo que tes catro puntas para magoarme!
¡Paniño branco que aínda non foches ao río!
¡Paniño que durmes sempre na lentura do meu seo!
¡Dille ao meu amor que teño soedades!
¡Dille que quero mirarme nos seus ollos!
Dille que non baile nin cante, porque estou de loito...

Eu non marchei a Arxentina para gañar cartos, non, eu marchei buscando meus irmaos.
Cando meu irmao, Manoliño, marchou da casa, púxoseme unha lousa no peito, da que non me puiden desfacer ata que o atopei entre os meus brazos. Quería volver en canto puidese a Galicia, para estar coa miña mai, pero cando por fin puiden volver xa era tarde para estar ca miña mai, que xa “marchara”.
Eu sempre amei Galicia, como ben diría Rosalía, terriña que quero tanto, pero Padrón ten algo máxico que me namorou.

....

Coñecesme?